

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: PRAZAS DA REDE MUNICIPAL DE COMEDORES ESCOLARES, BOS DÍAS COLE E TARDES DIVERTIDAS DO CONCELLO DE AMES, CURSO 2019/2020

EXPEDIENTE: 2019/G003/003654

ANTECEDENTES:

O artigo 22 do Regulamento da Rede Municipal de Comedores Escolares, Bos Días Cole e Tardes Divertidas do Concello de Ames (aprobado en sesión plenaria do 25 de outubro de 2018, BOP número 31, do 13 de febreiro de 2019) establece, entre outras consideracións, que o número total de prazas dispoñibles da Rede Municipal de Comedores Escolares, Bos Días Cole e Tardes Divertidas do Concello de Ames farase público ao inicio de cada curso escolar. Decidirase por decreto de alcaldía en función da demanda do servizo e da capacidade dos comedores. Este decreto especificará o número de prazas reservadas para usuarios/as fixos/as e o número de prazas para usuarios/as ocasionais xunto aos casos de emerxencia social que poidan xurdir ao longo do curso. De ser o caso, as emerxencias sociais terán prioridade fronte aos ocasionais.

Á vista de todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar o número de prazas ofertadas nos Servizos Complementarios de Educación para o curso 2019/2020, en función da demanda, capacidade e organización dos servizos conforme ao reflectido no anexo I desta resolución para cada un dos servizos.

Segundo.- Publicar o contido desta resolución na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames.

O alcalde

A secretaria

José Manuel Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo

ANEXO I

REDE MUNICIPAL DE COMEDORES

Un total de 1.456 prazas coa necesaria dispoñibilidade de prazas para casos de emerxencia social e usuarios/as ocasionais de 53 prazas.

A continuación indícase un número orientativo de máximos de prazas en cada comedor. O motivo de non pechar un número exacto por centro atende á necesidade de acoller os

casos de *Emerxencia Social* que poidan xurdir ao longo do curso, O aumento de prazas máximas nun comedor sempre irá en detrimento do resto dos comedores para en ningún caso superar o máximo total de 1.456 prazas.

O incremento do número proposto non excederá do 5% e, exclusivamente se contempla no caso citado de prazas outorgadas por emerxencia social, informadas debidamente por os traballadores dos Servizos Sociais Municipais.

COMEDOR DO CEIP AGRO DO MUIÑO:

320 prazas, das cales 310 corresponden a usuarios/as fixos/as

COMEDOR DO CEIP A MAÍA:

393 prazas, das cales 383 corresponden a usuarios/as fixos/as

COMEDOR DA EEI MILLADOIRO:

245 prazas, das cales 235 corresponden a usuarios/as fixos/as

COMEDOR DO CEP DE VENTÍN:

350 prazas, das cales 340 corresponden a usuarios/as fixos/as

COMEDOR DO CEIP BAROUTA:

135 prazas, das cales 125 corresponden a usuarios/as fixos/as

COMEDOR EEI A IGREXA - TARROEIRA

13 prazas, das cales 10 corresponden a usuarios/as fixos/as.

BOS DÍAS COLE

Un total de 475 prazas coa necesaria dispoñibilidade de prazas para casos de emerxencia social e usuarios/as ocasionais, así como os posibles traslados doutros concellos que sexan escolarizados no concello de Ames.

BOS DÍAS COLE A MAIA

100 prazas para usuarios/as fixos/as e usuarios ocasionais.

10 prazas para emerxencias sociais que poidan sobrevir ao longo do curso.

5 prazas para nenos/as que veñan trasladados/as de outros concellos e sexan escolarizados/as no CEIP A Maia.

BOS DÍAS COLE AGRO DO MUIÑO

110 prazas para usuarios/as fixos/as e usuarios/as ocasionais.

10 prazas para emerxencias sociais que poidan sobrevir ao longo do curso

5 prazas para nenos/as que veñan trasladados/as de outros concellos e sexan escolarizados/as no CEIP Agro do Muíño.

BOS DÍAS COLE BAROUTA

35 prazas para usuarios/as fixos/as e usuarios ocasionais.

10 prazas para emerxencias sociais que poidan sobrevivir ao longo do curso.

5 prazas para nenos/as que veñan trasladados/as de outros concellos e sexan escolarizados/as no CEIP de Barouta.

BOS DÍAS COLE ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE MILLADOIRO

70 prazas para usuarios/as fixos/as prazas para usuarios/as fixos/as e usuarios/as ocasionais.

10 prazas para emerxencias sociais que poidan sobrevivir ao longo do curso.

5 prazas para nenos/as que veñan trasladados/as de outros concellos e sexan escolarizados/as na Escola de Educación Infantil de Milladoiro.

BOS DÍAS COLE VENTÍN

85 prazas para usuarios/as fixos/as e usuarios ocasionais

10 prazas para emerxencias sociais que poidan sobrevivir ao longo do curso

5 prazas para nenos/as que veñan trasladados/as de outros concellos e sexan escolarizados/as no CEP de Ventín

TARDES DIVERTIDAS

Un total de 310 prazas coa necesaria dispoñibilidade de prazas para casos de emerxencia social e usuarios/as ocasionais, así como os posibles traslados doutros concellos que sexan escolarizados no concello de Ames.

TARDES DIVERTIDAS A MAIA

60 prazas para usuarios/as fixos/as e usuarios/as ocasionais..

10 prazas para emerxencias sociais que poidan sobrevivir ao longo do curso

5 prazas para nenos/as que veñan trasladados/as de outros concellos e sexan escolarizados/as no CEIP A Maia.

TARDES DIVERTIDAS AGRO DO MUÍÑO:

40 prazas para usuarios/as fixos/as e usuarios/as ocasionais.

10 prazas para emerxencias sociais que poidan sobrevivir ao longo do curso

5 prazas para nenos/as que veñan trasladados/as de outros concellos e sexan escolarizados/as no CEIP Agro do Muíño.

TARDES DIVERTIDAS BAROUTA

25 prazas para usuarios/as fixos/as e usuarios/as ocasionais.

10 prazas para emerxencias sociais que poidan sobrevivir ao longo do curso

5 prazas para nenos/as que veñan trasladados/as de outros concellos e sexan escolarizados/as no CEIP de Barouta.

TARDES DIVERTIDAS ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE MILLADOIRO

60 prazas para usuarios/as fixos/as para usuarios/as fixos/as e usuarios/as ocasionais.

10 prazas para emerxencias sociais que poidan sobrevivir ao longo do curso.

5 prazas para nenos/as que veñan trasladados/as de outros concellos e sexan escolarizados/as na Escola de Educación Infantil de Milladoiro.

TARDES DIVERTIDAS VENTÍN

50 prazas para usuarios/as fixos/as e usuarios/as ocasionais.

10 prazas para emerxencias sociais que poidan sobrevir ao longo do curso

5 prazas para nenos/as que veñan trasladados/as de outros concellos e sexan escolarizados/as no CEP de Ventín